

DECRETO DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2025/G007/000020

EXPEDIENTE: 2025/G003/001748

ASUNTO: XUNTA GOBERNO LOCAL SESIÓN ORDINARIA 20251028

De acordo co decreto da alcaldía núm. 899/2023 de data 26 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno Local celebra sesións ordinarias o segundo e cuarto martes de cada mes ás 9:30 horas (nove e media da mañá).

Enterado da relación de expedientes e logo de ver os artigos 81, 82.1 e 113 do ROF e preceptos concordantes;

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a sesión **ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local o día **28 DE OUTUBRO DE 2025 (martes)**, ás **09:30 horas (nove e media da mañá)**, na sala de xuntanzas da alcaldía da Casa do Concello, en primeira convocatoria e, de non haber “quorum” suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois, coa seguinte

ORDE DO DÍA

ASUNTO/S
1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES: - ORDINARIA núm. 2025/18 do 14 de outubro de 2025
2.-LICENZA DE OBRA Expediente nº: 2025/U022/000004 Promotor: Marcos Teijeiro Fernández Obra: Vivenda unifamiliar illada e edificación illada para taller mecánico Situación: Lg. Estévez. Castriz Licenza de obra nº: 41/25
3.-LICENZA DE SEGREGACIÓN Expediente nº: 2025/U018/000002 Promotor: Juan José López Muñoz Actuación: “PROXECTO DE SEGREGACION DE BAIXO COMERCIAL” Situación: Avenida de Santiago 19. Santa Comba LICENZA Nº: 4S/25
4.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA INFORMADOS FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL.
5.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXPEDIENTE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE INFORMADO FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL.
6- CORRESPONDENCIA OFICIAL E INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA.
7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Xunta de Goberno Local, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión da notificación do presente decreto:

ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

A acta da sesión ordinaria núm. 2025/18 do 14 de outubro de 2025 foi remitida por escrito da secretaría asinado con data 23/10/2025, rexistro de saída núm. 202500000003800/23-10-2025.

Esta resolución notifícase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde accidental
(Por Dec. alc núm. 1608/2025 do 20/10/2025)

Pablo Negreira Souto

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada